

Retribucións, complementos→

A proposta de creación de complementos que se está tramitando na COPA, a do OEITSS e do SEPE, ten dúas respostas distintas a pesar de ser case iguais, no caso do SEPE devólvese o expediente para retirar do mesmo as postos vacantes e no caso do OEITSS foi a propia FP quen aprobou os postos ocupados sacando do expediente os vacantes. Esta aprobación terá data de efectos do 25 de novembro de 2025.

Doutra banda a táboa de retribucións complementarias do ano 2025 está pendente de negociar, pero a administración avanza que a previsión é facelo neste primeiro trimestre.

E por último o SEPE informa que o incremento retributivo do 1,5% correspondente a este ano abonarao na nómina de febreiro. Tamén informa que xa está solicitada a partida adicional para produtividade.

Concurso de traslados→

Na páxina de Función pública está colgado un calendario orientador de datas probables, aínda que xa sabemos como xestiona FP os concursos abertos e permanentes.

Ofertas de emprego→

2022→ publicada a listaxe provisional de admitidos do grupo E0, lembramos que o ministerio ten 17 prazas.

2023→ o ministerio ten 25 prazas asignadas pero non teñen novidades que ofrecer. Publicada en xuño do 2025 e, esperemos que a convoquen antes de xullo do 2026 por aquilo de que non lles caduque a convocatoria.

2024→ A novidade é que agora a administración informa que teñen intención de convocala acumulada á do ano 2024.

2025 e 2026→ Parece ser que as queren convocar acumuladas, xa vos iremos informando dos cambios.

Xubilación parcial→

Parece ser que elaborarán un novo modelo de solicitude que todo o persoal deberá de presentar, haberá un cadro para marcar se xa se fixo a solicitude no seu momento.

Función pública elaborará dúas listas, unha de aprobados e outra de solicitantes e vinculará unha con outra pero, non poden informar de como será este proceso, desde CIG esperamos que áxil para que non siga habendo persoal que non poida exercer este dereito por xubilarse xa. Tamén volverán negociar os criterios de acumulación.